



O "Festival internacional de órgano" nace co desexo de solemnizar a festa do Corpus Christi, que se celebra en Lugo de modo singular.

Nesta cidade e na súa Diocese, parte determinante do Camiño de Santiago, a fe é comprendida e profesada dende fai moitos séculos a partir do sacramento do Corpo e do Sangue de Cristo, da súa Presenza permanente entre nós. Este saber da entrega amorosa do Señor, totalmente real na Eucaristía, é seguramente a herdanza primeira deixada entre nós polo Apóstolo.

Na música sacra, interpretada ao órgano, resoará a beleza desta Presenza plena, percibida e expresada por artistas ao longo de séculos, e axudarásenos a introducirmos na anchura e a profundidade deste milagre singular do amor, en que se xuntan xa nesta terra Deus e o home.

Pois "a música, verdadeira linguaxe universal da beleza, é capaz de unir aos homes de boa vontade e de invitalos a levantar a mirada cara ao Alto abríndose ao Ben e á Beleza absolutas, que teñen como última fonte Deus mesmo" (Benedito XVI).

Este Festival lucense inclúese por vez primeira nunha rede de festivais internacionais de música sacra, denominada "A música do Peregrino", que serán celebrados en Lugano (Suiza), Milán e Saronno (Italia). Todos teñen como vínculo común o Camiño de Santiago, singular vía europea de comunicación do anuncio apostólico, e a expresión sensible desta fe grazas á música de órgano e ás riquezas artísticas das distintas Igrexas e Basílicas.

+ Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo